Guerra salienta o incremento do 428% nos apoios para a competitividade das empresas agroalimentarias

Durante unha visita ás instalacións da cooperativa Feiraco, o conselleiro de Economía e Industria destacou o incremento do 428% nos apoios mediante avais para consolidar a competitividade das empresas agroalimentarias galegas, e destacou que durante o pasado ano o Igape concedeu axudas por importe de case 19 millóns de euros e mobilizou préstamos por máis de 45 millóns para empresas do sector agroalimentario. A cooperativa láctea conta cun recente aval do Igape que lle permitirá acadar os obxectivos precisos para completar o seu plan de viabilidade.

Santiago, 11 de maio de 2010.- A Consellería de Economía e Industria incrementou nun 428%, durante o pasado ano, os seus apoios á consolidación e competitividade das empresas galegas do sector agroalimentario mediante a concesión de garantías públicas. Segundo manifestou o conselleiro Javier Guerra durante a súa visita ás instalacións de Feiraco, o Igape concedeu durante 2009 avais por importe de 14,8 millóns de euros para apoiar a consolidación das empresas deste sector, un 428% máis que en 2008, e que completan un global de case 19 millóns de euros en apoios ás empresas agroalimentarias galegas, un 107% máis, que conseguiron mobilizar préstamos por valor superior aos 45 millóns de euros.

A nivel global, e durante o ano 2009, o conselleiro tamén salientou que o Instituto concedeu en total avais que sumaron 119 millóns de euros para incentivar préstamos que superaron os 221 millóns, o que supón un incremento de 114% con respecto ao ano 2008 e, nesta liña de garantías públicas, lembrou a vixencia dos programas re-Brote e re-Solve, abertos á presentación de novas solicitudes ata o próximo 30 de xuño e destinados a compartir riscos cos autónomos e as pequenas e medianas empresas.
Segundo explicou Javier Guerra, no marco do plan re-Forza 2010, a Consellería de Economía e Industria impulsará o pre financiamento de proxectos mediante anticipos do 50% das axudas concedidas sen necesidade de que os beneficiarios acheguen aval, e priorizará, a través do Igape, iniciativas e proxectos encamiñados a mellorar a competitividade das empresas galegas e a súa internacionalización. Desta maneira, o Instituto que preside o conselleiro Javier Guerra pretende apoiar ás pemes para facer fronte ás dificultades da situación económica actual, así como incentivar a súa preparación para enfrontar o futuro desde unha mellor posición competitiva. “As empresas con proxectos viables contan coa confianza da Xunta e disporán do apoio necesario para acceder ao financiamento que precisen”, salientou o conselleiro.

No eido da mellora da competitividade, Javier Guerra salientou un novo impulso aos proxectos de carácter colectivo e unha innovadora liña destinada a financiar servizos nos factores ou aspectos de xestión onde máis o necesiten. Outra das novidades neste eido é unha nova liña de apoio para facilitar a mellora dos equipamentos en xeral para as pemes do sector servizos. Tamén no eido da mellora tecnolóxica, o Igape mantén este ano o apoio ao financiamento de investimentos tecnolóxicos impulsados por pemes con orzamentos comprendidos entre 100.000 e 500.000 euros.

No referido ao ámbito estratéxico da internacionalización, ao que no marco do plan re-Forza do Igape se destina un orzamento de 18 millóns de euros, o Conselleiro de Economía e Industria salientou que se incrementa nun 127% os fondos destinados ao financiamento das diferentes liñas de axuda convocadas en datas recentes. Entre as principais novidades das liñas de axuda á internacionalización figuran os apoios a centros de promoción e distribución compartidos por grupos de empresas e un renovado impulso ás implantacións promocionais no exterior, no marco do Plan Primex, que promove os proxectos de carácter colectivo.

Apoio a Feiraco

O Conselleiro tamén destacou os importantes apoios facilitados pola Xunta de Galicia á sociedade cooperativa Feiraco, da que destacou a súa importancia estratéxica no ámbito do sector agroalimentario galego. Neste sentido, referiuse á recente formalización, a través do Igape, dun aval por importe de 2,1 millóns de euros que lle permitirá acadar o financiamento do circulante necesario para completar, nos próximos sete anos, o desenvolvemento do seu plan de viabilidade. O aval servirá para garantir o 70% dun préstamo bancario de 3 millóns de € destinado ao refinanciamento dun préstamo pola mesma contía avalado no seu día polo Igape; deste xeito, a operación non só non supón un incremento do risco asumido polo Instituto con esta sociedade cooperativa senón que incorpora garantías reais suficientes

Con 40 anos de existencia, Feiraco conta na actualidade con máis de 5.500 socios cooperativistas e un cadro de persoal integrado por máis de 200 empregados, e desenvolve actividades como a recollida, esterilizado e envasado de leite de vaca; elaboración doutros produtos lácteos, algúns especialmente innovadores; elaboración de pensos compostos vexetais para a alimentación animal; elaboración de fertilizantes e abonos; servizo de economato e supermercado para o socio; e almacén de produtos para o campo.

Para superar as dificultades que atravesaba hai algúns anos, Feiraco impulsou un plan de viabilidade que contemplou, entre outras, actuacións de reestruturación da débeda, alianzas estratéxicas de compras, ampliación de capital, cese na actividade na liña de despece de carne e lanzamento de novos produtos con maior valor engadido. Entre estes produtos innovadores polos que está a apostar Feiraco cómpre salientar o seu leite acidificado de longa vida para

consumidores da cultura árabe, iogurt líquido de longa duración ou Unicla, o leite modificado a través da alimentación animal natural; este leite incorpora un 40% máis de graxas insaturadas e catro veces máis de Omega 3, coa vantaxe de ser biodispoñible.